



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE MARZO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "REHABILITACIÓN DAS CASAS ESCUELA DE RIOBÓ E REMESAR (OBRA DO FEIL)".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 31 DE MARZO DE 2009

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "Rehabilitación das Casas Escola de Riobó e Remesar (Obra FEIL)".

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación a empresa Contratas y Cubiertas Estrada, S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 25-03-09.

Visto o informe da Tesourería municipal que sinala que o adxudicatario se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias para o Concello.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras "Rehabilitación das Casas Escolas de Riobó e Remesar (Obra FEIL)", por importe de 185.092,45 €, a CONTRATAS Y CUBIERTAS ESTRADA, S.L. (con enderezo na rúa Marín nº 18, baixo – A Estrada) con arranxo ao Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 31 de marzo de 2009.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López